



EXP. Nº: 31582/220 (2018)	ASUNTO: Oficio resposta escrito RRHH e Formación (necesidades de persoal Benestar Social).
	DESTINATARIOS: Xefatura de Área de RRHH e Formación. Concello. Concellería delegada de Xestión municipal e Persoal. Concello.

## OFICIO

En relación co escrito desa Xefatura de Área de data 06.03.2018, no que se respostaba á nosa petición formulada un mes antes (07.02.2018) solicitando a cobertura de diferentes prazas vacantes no Servizo de Benestar Social e “a contratación por acumulación de tarefas de 8 traballadoras sociais cada 6 meses”, entendemos necesario facer as seguintes observacións:

- 1) O Servizo de Benestar Social do Concello de Vigo tramitou durante o ano 2017 un total de 18.329 expedientes, que representan, aproximadamente, un 12,22% do total dos expedientes tramitados nesta Administración durante ese exercicio.
- 2) En 2016 atendéronse a 9.658 familias formadas por un total de 12.882 persoas, realizándose 14.520 intervencións e 23.220 valoracións<sup>(1)</sup>.

### Datos xerais sobre a intervención social municipal no 2016

Resumo de xestión	
Unidades familiares atendidas	9.658
Persoas usuarias	12.882
Intervencións iniciadas	7.538
Intervencións totais	14.520
Valoracións	23.220
Demandas	17.781
Recursos aplicados	15.967

- 3) Vigo é o concello de Galicia cun maior volume de traballo por traballador/a (técnicos/as e auxiliares). Isto non é unha opinión particular do Servizo, senón a constatación de datos oficiais, como os da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia sobre a aplicación da L.10/2013, do 27 de novembro, de Inclusión social, sobre as prestacións de RISGA e AIS, onde figura todos os anos esta cidade como a que máis expedientes trámita e a que máis persoas/familias beneficiarias ten: 2.439 persoas/familias beneficiarias de RISGA (A Coruña: 1.244) e 620 AIS (A Coruña: 131).<sup>(2)</sup>

<sup>1</sup>Fonte: “Memoria Benestar Social 2016”.

<sup>2</sup> Fonte: “Informe sobre a aplicación e avaliación da Lei de inclusión social de Galicia, ano 2016”, Dirección Xeral de Inclusión Social – Subdirección xeral de inclusión e integración social – Consellería de Política Social – Xunta de Galicia.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/05/2018 14:34	Páxina 1 de 4
Expediente 31582/220	CSV: 2FE354-AABA56-235CBH-CKNH5M-QRNQ7A-H1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



PORCENTAXES RELATIVAS AO TOTAL DE SOLICITUDES DE CADA PRESTACIÓN NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA			
RENDA DE INCLUSION SOCIAL DE GALICIA		AXUDAS DE INCLUSION SOCIAL	
CONCELLO	%	CONCELLO	%
VIGO	40,27	VIGO	44,48
PONTEVEDRA	5,30	PONTEVEDRA	12,86
PONTEAREAS	4,63	VILAGARCIA DE AROUSA	5,24
O PORRIÑO	4,08	PONTEAREAS	4,14
VILAGARCIA DE AROUSA	3,85	LALIN	3,75

- 4) Por se pode servir de referencia, no ano 2016 o Concello de A Coruña, cunha poboación oficial de 243.978 habitantes, tivo un gasto de persoal de 5.261.526,23€. Nese mesmo exercicio, o gasto de persoal do Concello de Vigo, que contaba daquela con 292.817 habitantes, foi de 2.156.269,89€.
- 5) Á vista do anterior, cos retrasos e a carga acumulada de traballo que soporta este Servizo<sup>(3)</sup>, se xa era sorprendente a demora seguida nos procesos de nomeamento de efectivos para Benestar Social, máis sorprende que mesmo se dubide agora da necesidade real de incrementalos (“... *de ser certa esta necesidade de persoal...*”) e a procedencia de levalo a cabo, ademais de cubrindo as vacantes existentes, recorrendo ó persoal interino que permite nomear o Art. 10.1.d) do RDLex.2/2015 (“...*estaríamos ante unha necesidade estrutural e permanente...*”), xa que:
- a) A urxente necesidade de maiores efectivos en Benestar Social para facer fronte á acumulación e carga de traballo que asume este Servizo, con funcionarios/as de carreira pero tamén con interinos/as por acumulación ou exceso de tarefas e para a execución de programas de carácter temporal (Art. 10.1.c) e d) RDLex.2/2015), foi posta de manifesto por escrito e de forma reiterada en distintos Oficios dirixidos a esa Xefatura e á Concellería da que depende; entre outros, os de datas 12.06.2013, 04.06.2014 e 13.12.2017.
- b) A situación de sobrecarga de tarefas que veñen padecendo os/as traballadores/as de Benestar Social e a necesidade inaprazable de contar con máis persoal foi expresada tamén polo propio Servizo de Prevención de Riscos Laborais do Concello de Vigo, que no seu informe do 27.05.2014, elaborado logo de que FREMAP realizase o estudo de riscos psicosociais no ano 2012, xa alertaba dos riscos do persoal adscrito a Benestar social, advertindo con claridade que:
- «...atendendo as condicións de traballo do persoal do servizo de Benestar Social, resulta imprescindible dotar a esta oficina de máis persoal (recoméndase como mínimo cumprir o ratio de habitantes por traballadora social que marca a normativa, acompañado por un incremento paralelo de auxiliares)... (...) De non adoptarse esta medida é previsible un deterioro cada vez maior nas condicións de traballo do persoal do servizo de Benestar Social, co conseguinte deterioro da saúde deste persoal, que conlevará un incremento das baixas por incapacidade temporal de lenta e difícil recuperación».*
- c) A Xefatura de Área de RRHH e Formación sabe que as necesidades de efectivos dos servizos sociais comunitarios básicos non se determinan de forma caprichosa ou arbitraria polos respectivos Concellos, senón que veñen fixadas expresamente na L.13/2008, do 3 de decembro, de Servizos sociais de Galicia e no D.99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento (Art. 35 e Anexo II).

Como xa explicamos naqueles anteriores Oficios, nesta normativa establécese como ratio de referencia que os servizos comunitarios básicos estarán dotados por **un/unha (1) técnico/a cada 8.000 habitantes e un/unha (1) auxiliar administrativo/a cada 13.333 habitantes**, deixando á marxe as necesidades doutros/as profesionais relacionados/as coa materia como educadores

- 3 Retraso medio actual na cita previa a usuarios/as: 28,53 días; expedientes de RISGA pendentes: 252; expedientes de AIS pendentes: 408; valoracións de dependencia pendentes: 189.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2018 14:34

Páxina 2 de 4

Expediente 31582/220

CSV: 2FE354-AABA56-235CBH-CKNH5M-QRNQ7A-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



sociais, psicólogos e sociólogos.

## ANEXO II

### Dotación das unidades de actuación de servizos sociais comunitarios básicos por tipo de áreas

#### Concellos de áreas caracterizadas como semiurbanas e metropolitanas

Número de habitantes	Modelo unidade	Traballadores sociais	Educadores	Psicólogos/sociólogos ou titulados superiores idóneos	Auxiliares administrativos
20.000-40.000	UNIS urbana reforzada	3-5	2-3	1	2-3
15.000-20.000	UNIS urbana	2-3	1-2	1	1-2
10.000-15.000	UTES	2	1	*	1
Menos de 10.000	UTS	1-2	**	*	0-0,5

\*Determinarase en función da poboación do conxunto da área.

\*\*Procurarase a xestión conxunta con concellos limítrofes.

Pois ben, a día de hoxe, a ratio existente nos servizos sociais comunitarios básicos do Concello de Vigo é (no mellor dos casos) de **un/unha (1) técnico/a por cada 17.000 habitantes e dun/unha auxiliar por cada 35.000 habitantes.**

- d) Este incumprimento, mantido no tempo, das ratios de efectivos establecidas na normativa vixente, impide prestar un servizo de calidade e cumprir cos prazos de tramitación impostos na L.10/2013, do 27 de novembro, de Inclusión social de Galicia, coas consecuencias de toda orde que se poderían derivar, incluída a patrimonial.
- e) Ata o Valedor do Pobo tivo que intervir en varias ocasións diante das numerosas queixas e protestas por insuficiencia de persoal presentadas tanto por traballadores/as municipais de Benestar Social como por determinados colectivos sociais e, maioritariamente, polas persoas usuarias afectadas por retrasos importantes na tramitación das prestacións básicas para atender ás súas necesidades vitais (Exps. do Valedor núms.: Q/23000/14, Q/23007 a Q/23045/14, Q/23962/14, Q/19788/14, Q/5743/14, Q/20601/14, Q/19840/14, Q/15265/14, Q/20302/14, Q/20653/14 e Q/13307/15, entre outros).
- f) Así as cousas, non parece aceptable que se propoña como solución a este grave déficit de efectivos unha mera “redistribución de tarefas entre o persoal”. Dificilmente será posible redistribuír racionalmente as tarefas que terían que estar realizando (se se cumprise a norma) 36 ou 37 técnicos/as entre os/as 17 con que unicamente se conta neste Concello ou as de 22 auxiliares administrativos/as entre os/as 3 que temos neste momento adicados/as a servizos comunitarios básicos.
- g) A consecuencia desta preocupante situación, previsiblemente agravada pola negativa que se manifesta no seu escrito do 06.03.2018 ó nomeamento de máis efectivos para atender o exceso e a acumulación de tarefas real existente neste Departamento, será un maior deterioro dos servizos que se prestan, con evidentes repercusións tanto para as persoas usuarias (retrasos na atención, retrasos na tramitación de prestacións sociais básicas: RISGA, AIS, AEM...) como para os/as propios/as profesionais que, a resultas da imposibilidade de atender as súas demandas, son obxecto moitas veces de maltrato, insultos, ameazas e agresións que inciden negativamente nas súas condicións laborais e na súa propia saúde (ansiedade, stress, síndrome de *burn out*, etc.), tal como xa advertiu o Servizo de Prevención de Riscos Laborais.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2018 14:34

Páxina 3 de 4

Expediente 31582/220

CSV: 2FE354-AABA56-235CBH-CKNH5M-QRNP7A-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

**CONCELLO  
DE VIGO**



Á vista de todo o que antecede e sen prexuízo de que no futuro, como Vdes. suxiren, se poidan recoller nos Orzamentos municipais as necesidades de persoal deste Servizo, SOLICÍTASE neste momento que se reconsidere o criterio expresado no seu informe, se entenda acreditada a necesidade de contar con traballadoras sociais por seis (6) meses para paliar de inmediato o exceso e a acumulación de tarefas xustificadas neste Oficio e, polo tanto, se dite unha Instrucción de Servizo complementaria da asinada polo Concelleiro delegado da Área de Xestión municipal e Persoal o 06.03.2018 pola que se proceda a efectuar, á maior brevidade posible, os nomeamentos de persoal interino solicitados ó abeiro do Art. 10.1.d) do RDLex.2/2015.

Vigo, [data da sinatura dixital]  
A XEFA DE SERVIZO DE BENESTAR SOCIAL,  
Asdo.: Paz Fernández Fernández

O XEFE DE ÁREA DE BENESTAR SOCIAL,  
Asdo.: Jesús Núñez-Torrón López

CONFORME:  
A CONCELLEIRA DELEGADA DE POLÍTICA SOCIAL,  
Asdo.: M<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/05/2018 14:34

Páxina 4 de 4

Expediente 31582/220

CSV: 2FE354-AABA56-235CBH-CKNH5M-QRNQ7A-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>